



Resolución de de reclamacións e resultados do primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión en propiedade polo sistema de concurso-oposición por quenda libre dunha praza de funcionario denominada: Orientador Laboral, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, incluída na oferta de emprego público do Concello de Sada para 2022 de estabilización OEPE 18-2022

Reunidos ao efecto de analizar as reclamacións presentadas en prazo, o Tribunal resolveu:

- Desestimar a reclamación presentada pola aspirante indetificada co código 000225.

De conformidade coas instrucións do exercicio entregadas a cada aspirante, acorda non puntuar o dito exercicio en aras de producir o mesmo trato a todos os aspirantes e non causar discriminacións, toda vez que durante a realización da proba ademais de darlle un tempo para a lectura das instrucións explicouse e preguntouse a todos os presentes pola cobertura dos datos do código previamente a proceder á súa recollida.

Nas instrucións e folia de respostas entregada a cada aspirante indicábase:

“Non se corrixiran aqueles exercicios que vaian asinados ou teñan calquera outra marca identificativa que non corresponda co código entregado. Ou daquelas persoas que non cubriaran a tarxeta de papel que identifica o código co exercicio, ou seu número de código nesta folia.”

- Desestimar as reclamacións formuladas á pregunta número 1.

As respostas identificadas a), b) e d) corresponden aos supostos previstos nos artigos 114.1.a) , 114.1.c) e 114.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resposta identificada coa letra c) corresponde ao suposto previsto no artigo 114.2.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, porén este artigo soamente é de aplicación no ámbito estatal, mentres que na resposta non se acouta o ámbito de aplicación, polo que a mesma debe considerarse incorrecta.

- Estimar as reclamacións formuladas á pregunta número 2, considerando que a resposta correcta é a identificada coa letra d).

O artigo 2 da Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, define:

Encargado do tratamento: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outros, trate datos persoais por conta do responsable del tratamento.



Concello de Sada

Edificio de Uso Administrativo

Av. da Mariña 25
Sada (15160), A Coruña
Teléfono: 981 620 075
Fax: 981 621 274

- Anular a pregunta número 5 e substituíla pola primeira pregunta de reserva.

Aplicando a normativa vixente no momento da realización del exame (Lei orgánica 3/2022 de Ordenación do Sistema de Formación Profesional y RD/659/2023, de 18 de xullo polo que se desenvolve o Sistema de Formación Profesional) o tribunal estima que tanto a resposta a) como a b) poden ser consideradas correctas.

- Desestimar as reclamacións formuladas á pregunta número 10.

O artigo 270.1 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social dispón:

“A base reguladora da prestación por desemprego será a media da base pola que se cotizara pola dita continxencia durante os últimos cento oitenta días do apartado 1 do artigo anterior.

No cálculo da base reguladora da prestación por desemprego excluírase a retribución por horas extraordinarias, con independencia da súa inclusión na base de cotización pola dita continxencia fixada no artigo 19...”

O artigo 19.4 da mesma Lei, establece que:

“A base de cotización para a continxencia de desemprego, en todos os réximes da Seguridade Social que teñan cuberta a mesma, será a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.”

Unha vez revisadas as reclamacións presentadas, os resultados do primeiro exercicio foron os seguintes:

CÓDIGO	NOTA
000129	10
000131	8
000132	10
000133	4
000140	8
000141	10
000146	10
000162	16
000171	16



Concello de Sada

Edificio de Uso Administrativo

Av. da Mariña 25
Sada (15160), A Coruña
Teléfono: 981 620 075
Fax: 981 621 274

000223	8
000224	12
000225	Non se puntuía por falta de identificación e firma

Resultando aprobados os aspirantes que acadaron unha puntuación igual ou superior a dez, conforme ao establecido nas bases específicas do proceso selectivo.

Modifícase data da realización do segundo exercicio, convocando aos aspirantes aprobados o día 7 de novembro ás 11:30 horas na Casa da Cultura "Pintor Lloréns" de Sada, situada na Avda. Do Porto de Sada, debendo acudir provistos do seu DNI e sen ningún medio material adicional ao estritamente necesario para a redacción do exercicio.

O secretario do Tribunal

Andrés Varela Parafita